





APRENDEMOS NAS ONDAS!

Nesta 3^a avaliación non queremos máis deberes aburridos. Por iso, imos poñer en marcha un proxecto revolucionario. Imos crear un programa de radio!

Nas seguintes páxinas recóllense as instrucións básicas de como vai funcionar este proxecto. Prestade atención!





Podcast


QUE É ISO?

O que nós imos crear é un **podcast**. Un podcast é coma un programa de radio que, en lugar de emitirse mediante unha emisora de radio, se distribúe a través da Rede.

É dicir, o traballo que vaiades facendo semanalmente consistirá en crear contidos para facer un programa de radio.

Como todo o que fagades estará encamiñado á creación deste programa, ides ter que gravar audios do que escribades.

A profesora encargarase da parte técnica, isto é, xuntarao todo e daralle forma de programa de radio.



Como ímos traballar?

- No noso programa de radio haberá diferentes seccións, e en cada unha haberá que crear textos de formas e temáticas diferentes.
- Cada semana poderedes escoller en que sección queredes traballar, mais non poderedes repetir dúas veces na mesma.
- O voso traballo vai ter sempre 2 fases: unha de redacción e outra de locución. Así, primeiro teredes que redactar os contidos (facer o guión) e, despois de que a profe os revise, teredes que gravar un audio do que redactastes.



Que contidos imos crear?

No noso programa de radio vai haber de todo un pouco: noticias, entrevistas, crónicas, reportaxes, narracións, anuncios publicitarios, espazos musicais, opinión, información deportiva, receitas de cociña, poesía, teatro...

Cando imos comenzar?

XA! O primeiro que temos que facer é buscar un nome para o noso programa. Así, o que tedes que facer antes de nada é **enviar as vosas propostas**. Como queredes que se chame o noso programa? Poñédeo no grupo de Whatsapp ou mandádeo por correo.